

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DO CONSELLO PROVINCIAL DE PESCA CONTINENTAL DA CORUÑA DO DÍA 23 DE OUTUBRO DE 2023

En A Coruña, sendo as 12:10 h do día 23 de outubro de 2023, reúnese en primeira convocatoria, en sesión ordinaria na modalidade presencial, o Consello Provincial de Pesca Continental da Coruña, de conformidade co disposto nos artigos 40 e 41 do Decreto 130/1997, do 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais Galicia.

O Consello conta coa asistencia das persoas que a continuación se relacionan de acordo coa orde do día que tamén se cita:

Nome	Representación
José David Gómez Brandariz	Xefe de Servizo de Patrimonio Natural e vicepresidente do Consello. Preside o Consello en ausencia da presidenta (Art. 41.1)
Luis Ortega Mene	Secretario do Consello e xefe da Sección de Caza e Pesca Fluvial do Servizo de Patrimonio Natural (Art. 41.1)
Manuel Mouzo Méndez	Representante da Federación Galega de Pesca (Art. 41.1)
Néstor Rodríguez Arias	Representante do organismo competente en materia de augas (Art. 41.1)
Ana Cimas Hernando	Representante do organismo competente en materia de turismo (Art. 41.1)
Aurora Macías Merayo	Representante da consellería competente en materia de pesca e marisqueo. (Art. 41.1)
David Arcay Fernández	Representante de sociedades de pescadores inscritas na Federación. Sociedade de Pesca Deportiva Salmo (Art. 41.1)
Juan Manuel Castro Fuentes	Representante de sociedades de pescadores inscritas na Federación. Sociedade de Pesca Deportiva Neria (Art. 41.1)
Xabier Pazo Blanco	Representante de entidades colaboradoras non federadas. Asociación de Troiteiros Río Furelos (Art. 41.1)
José Casal Fernández	Representante de entidades colaboradoras non federadas, Club de Pesca de Reo Tambre (Art. 41.1)
Manuel Cemadas Villar	Representante das asociacións naturalistas e ecoloxistas, Grupo Naturalista Hábitat (Art. 41.1)



Nome	Invitación
Tenente Diego Hidalgo Rumbo	Garda Civil SEPRONA (Art. 41.2)
Roberto García Pernas	Axente territorial Distrito I, Servizo do Patrimonio Natural (Art. 41.2)
José Carlos Fernández Serantes	Axente territorial Distrito II, Servizo do Patrimonio Natural (Art. 41.2)
Alejandro Martín Rois	Axente territorial Distrito III, Servizo do Patrimonio Natural (Art. 41.2)
Fructuoso Souto Castiñeira	Axente facultativo Distrito IV, Servizo do Patrimonio Natural (Art. 41.2)
Francisco José Campos Busto	Axente facultativo Distrito V, Servizo do Patrimonio Natural (Art. 41.2)

Orde do día:

1. Aprobación da acta da sesión anterior.
2. Proposta dos períodos hábiles de pesca para a tempada 2024, incluíndo a modificación do período hábil do salmón no couto de Betanzos.
3. Proposta de modificación dos límites do couto de pesca de Traba e do TLSM do río Sónora.
4. Propostas de levantamento de vedados.
5. Propostas de novos vedados.
6. Proposta para prolongar o tramo de augas de reo do río Lambre desde a Central hidroeléctrica de Güimil ata a Ponte de Moreira (Irixoa. Coordenadas UTM X.572.310, Y.4.796.741)
7. Valoración de expedientes e propostas presentados polos membros do consello.
8. Rogos e preguntas.

Comeza a sesión co saúdo de José David Gómez Brandariz, vicepresidente do Consello Provincial de Pesca Continental, agradecendo a todos os presentes a súa asistencia, e desculpando a ausencia da xefa territorial debido a circunstancias sobrevidas.



Os membros presentes do consello provincial manifestan estar de acordo en que o vicepresidente substitúa á presidenta, por ausencia desta.

A continuación, o secretario explica aos asistentes ao consello que a Joaquín López Quintás, representante das asociacións naturalistas e ecoloxistas pertencente a AEMS, tampouco lle foi posible asistir, polo que o xoves 19 de outubro remitiu un escrito no que delega o seu voto en Manuel Cernadas Villar, o outro representante das asociacións naturalistas e ecoloxistas, pertencente ao Grupo Naturalista Hábitat.

Analizada esta cuestión, resulta que o Regulamento de pesca fluvial (Decreto 130/1997, do 14 de maio), que establece a composición e funcionamento dos consellos provinciais de pesca, non contempla a posibilidade de que os membros do consello deleguen o seu voto. Así mesmo, a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, tampouco regula nos seus artigos 14 a 22, dedicados ao réxime xurídico dos órganos colexiados, a posibilidade de delegar o voto.

Por este motivo, infórmase a Manuel Cernadas Villar que non é posible admitir a delegación de voto de Joaquín López Quintás. Non obstante, rexistrárase o sentido dos votos de Manuel Cernadas Villar, para comprobar se isto afecta ao resultado final dalgunha das votacións que teñan lugar.

A continuación o secretario procede a ler a orde do día aos asistentes.

1. Aprobación da acta da sesión anterior

O secretario comenta que a acta da sesión anterior foi facilitada aos asistentes á dita sesión por correo electrónico a finais de 2022. Así mesmo, achegouse de novo antes do presente Consello, xunto coas convocatorias e as invitacións.

Os asistentes mostraron a súa conformidade co contido da acta xa distribuída con anterioridade.

2. Proposta dos períodos hábiles de pesca para a tempada 2024, incluíndo a modificación do período hábil do salmón no couto de Betanzos.

Os asistentes contan cun calendario proposto da tempada e dos períodos hábiles para a tempada 2024. O secretario expón que esta proposta de calendario remitida



pola DX é semellante ao da tempada anterior, coas correccións oportunas para axustar as datas.

Proponse unha única modificación a este calendario, consistente en fixar un período hábil para o salmón no couto de Betanzos que vaia do 1 de maio ao 30 de xuño, como na maioría dos coutos salmoneiros de Galicia. Esta medida reduciría a presión sobre as poboacións de salmón no mes de xullo, nun momento do ano de maior stress hídrico, e ao mesmo tempo non causaría ningún prexuízo á entidade colaboradora que ten convenio nese couto, xa que os datos que ten o SPN da Coruña mostran que entre 2012 e 2023 non houbo ningunha captura de salmón no couto de Betanzos no mes de xullo.

Os membros do consello están de acordo co calendario facilitado e coa proposta relativa ao período hábil para o salmón no couto de Betanzos. O representante de Habitat indica, de todas maneiras, que unha vez que remate o convenio actual no couto, debe valorarse novamente aproveitamento do salmón nese couto. O representante de Salmo considera que esa especie podería vedarse un par de anos. Tras debater o asunto, o Consello Provincial **aproba elevar ao Consello galego a seguinte proposta:**

Proposta que se eleva ao Consello galego

- Por unanimidade, fixar na tempada 2024 un período hábil para o salmón no couto de Betanzos que vaia do 1 de maio ao 30 de xuño.

3. Proposta de modificación dos límites do couto de pesca de Traba e do TLSM do río Sónora.

O secretario expón que a entidade colaboradora que conta cun convenio no couto de reo de Traba (río Sónora) solicitou á Administración que os límites do couto se amplíen 2 km augas abaixo, ata o inicio da zona de desembocadura, nun tramo que na actualidade ten a categoría de TLSM.

Os técnicos da Administración son favorables a este cambio, xa que é razoable que os coutos de reo ocupen os tramos onde é máis viable o aproveitamento desta especie.

En calquera caso, se o couto se amplía 2 km augas abaixo, deberá reducirse augas arriba nunha lonxitude semellante, para implantar un novo tramo libre de pesca



sen morte (TLSM), e que dese modo poda seguir practicándose esa modalidade de pesca no mesmo río.

Tras debater a proposta, o Consello provincial **aproba elevar ao Consello galego o seguinte:**

Proposta que se eleva ao Consello galego

- Por 7 votos a favor e 4 en contra (os dos representantes da FGP, Neria, Salmo e Hábitat), modificar os límites do couto de Traba, que pasan a ser os seguintes:

Tramo	Lím. superior	Lím. inferior	km
Couto de Traba	A Ponte de Servia (Lousame; 517.432, 4.736.921)	Muíños de Pedrachán (Noia; 509.594, 4.736.775)	12,7

O expediente continuará a súa tramitación de acordo coa normativa en materia de pesca continental. De aprobarse finalmente a modificación dos límites do couto, establecerase un novo TLSM no río Sónora coas seguintes características:

Tramo	Lím. superior	Lím. inferior	km
TLSM	A Ponte da Parcelaria (Lousame e Rois; 518.097, 4.736.392)	A Ponte de Servia (Lousame; 517.432, 4.736.921)	1,9

4. Propostas de levantamento de vedados.

Na orde do día inclúense sete propostas de levantamentos de vedados, totais ou parciais. O secretario explica aos asistentes ao consello os motivos e as características de todas elas.

No que respecta á proposta de levantamento parcial do vedado de pesca no lago das Pontes, os representantes da FGP, de Salmo e do Club Tambre consideran que a proposta podería ter sido máis ampla. O secretario explica que en vindeiras tempadas poden abrirse novos tramos do lago, máis é conveniente contar primeiro con máis estudos sobre as poboacións piscícolas do lago, así como da zonificación do lago.



O Consello provincial **aproba elevar ao Consello galego as sete propostas seguintes:**

Propostas que se elevan ao Consello galego

1. Por 8 votos a favor e 3 abstencións (as dos representantes de Habitat, Club Tambre e Furelos), o **levantamento parcial do vedado do río Eume nun tramo de 1,2 km, que pasa a ter a condición de TLSM:**

Masa de auga	Lím. sup	Lím. inf	km	Obs
Río Eume	Límite da zona de reserva do parque natural (A Capela e Monfero; 576.572, 4.806.274)	Barreira de retención de Caaveiro, límite superior do couto de Ombre (A Capela e Monfero; 575.814, 4.807.118)	1,2	- Mantense o vedado nos 4,4 km que van da presa do encoro do Eume (As Pontes de García Rodríguez e Monfero; 580.042, 4.806.545) ata o límite da zona de reserva do parque natural (A Capela e Monfero; 576.572, 4.806.274) - Os 1,2 km nos que se levanta o vedado pasarán a ser TLSM

2. Por 9 votos a favor, 1 abstención (Salmo) e 1 voto en contra (Habitat), o **levantamento parcial do vedado do río Furelos nun tramo de 8,2 km:**

Masa de auga	Lím. sup	Lím. inf	km	Obs
Río Furelos	Ponte de Portochao, na estrada que vai desde a AC-840 cara ao lugar de Piñor (Melide; 581.050, 4.749.858)	Desembocadura no Ulla (Santiso; 579.722; 4.744.292)	8,2	Mantense un vedado de 1,8 km entre a ponte romana do Furelos (Melide; 581.728, 4.751.120) e a ponte de Portochao



3. Por 9 votos a favor, 1 abstención (Salmo) e 1 voto en contra (Habitat), o **levantamento do vedado de 6,2 km do río Grande:**

Masa de auga	Lím. sup	Lím. inf	km	Obs
Río Grande	Ponte de pedra da Casa do Muíño (Vimianzo; 495.611, 4.776.800)	Desembocadura do Regato Cruz de Canle, límite superior do tramo 2 do couto da Ponte do Porto (Vimianzo; 491.797, 4.775.909)	6,2	Por tratarse dunha masa de auga de reo, a tempada hábil comenizará o 1 de maio.

4. Por 10 votos a favor e 1 abstención (Habitat), o **levantamento parcial do vedado do lago das Pontes nun tramo de 2,3 km, que pasa a a ter a condición de TLSM:**

Masa de auga	Lím. sup	Lím. inf	km	Obs
Lago das Pontes	- Levántase o vedado na beira do lago, nunha zona en torno ao desaugue do río Illade, entre os puntos 1 (591.477, 4.812.188) e 2 (590.110, 4.812.989).		2,3	- Mantense o vedado no resto do lago. - Os 2,3 km nos que se levanta o vedado pasarán a ser TLSM - A pesca sen morte desde aparellos flotadores e embarcacións con motor eléctrico poderá practicarase na zona comprendida entre o contorno do tramo de pesca sen morte e a liña recta imaxinaria que une os puntos 1 e 2.



5. Por 9 votos a favor, 1 abstención (Salmo) e 1 voto en contra (Habitat), o **levantamento do vedado de 5,7 km do río do Pedrouzo:**

Masa de auga	Lím. sup	Lím. inf	km	Obs
Río do Pedrouzo	Nacemento do Rego en Santa Marta do Carregal (Carballo)	Presa do Muíño do Pego (Tordoia; 534.542, 4.774.611)	5,7	

6. Por 9 votos a favor e 2 votos en contra (Salmo, Habitat), o **levantamento do vedado de 0,9 km do río Sor:**

Masa de auga	Lím. sup	Lím. inf	km	Obs
Río Sor	200 m augas arriba da presa de Rafael (Mañón e O Vicedo; 603.159, 4.837.838)	200 m augas abaixo de Ponte Ulló (Mañón e O Vicedo; 603.876, 4.837.862)	0,9	É o vedado incluído no couto de Ribeiras

7. Por 9 votos a favor, 1 abstención (Salmo) e 1 voto en contra (Habitat), o **levantamento do vedado de 9,4 km do rego das Touzas:**

Masa de auga	Lím. sup	Lím. inf	km	Obs
Rego das Touzas	Brañas das Cabazas-Baíñas (Vimianzo; 498.738, 4.764.366)	Desembocadura no Xallas, no lugar de Boudañeira (Dumbría; 498.316, 4.758.242)	9,4	Inclúe o levantamento do vedado nos afluentes



5. Propostas de novos vedados.

Na orde do día inclúense, así mesmo, dúas propostas para establecer vedados. O secretario explica aos asistentes ao consello os seus motivos e características, e o Consello provincial **aproba elevalas ao Consello galego**:

Propostas que se elevan ao Consello galego

- Por unanimidade, establecer os seguintes vedados de pesca continental:

Masa de auga	Lím. sup	Lím. inf	km	Obs
Pozo de Limideiro	- Situado nas coordenadas (505.127, 4.762.245), no concello de Zas. Superficie 0,1 ha.			Toda a superficie do pozo (0,1 ha)
Rego de Valdazón ou de Gundar	Ponte de Coens (Laxe; 500.880, 4.780.564)	Desembocadura no río Grande (Vimianzo; 499.229, 4.777.439)	4,5	

Os asistentes están conformes con manter o resto das vedas, prohibicións e réximes especiais existentes na provincia da Coruña.

6. Proposta para prolongar o tramo de augas de reo do río Lambre desde a Central hidroeléctrica de Güimil ata a Ponte de Moreira (Irixoa. Coordenadas UTM X.572.310, Y.4.796.741)

A continuación o secretario explica a proposta de prolongar augas arriba a actual masa de reo do río Lambre. Tras constatar a presenza de reos augas arriba da central de Güimil, esta modificación é necesaria para facilitar o guiado e precintado dos exemplares. O Consello provincial **acorda elevar esta proposta ao Consello galego**:

Proposta que se eleva ao Consello galego

- Por 9 votos a favor, 1 abstención (Salmo) e 1 voto en contra (Habitat), prolongar o tramo de augas de reo do río Lambre desde a Central hidroeléctrica de Güimil ata a Ponte de Moreira (Irixoa. Coordenadas UTM X.572.310, Y.4.796.741)



7. Valoración de expedientes e propostas presentados polos membros do consello.

Dáse paso á lectura das propostas remitidas polos representantes das asociacións naturalistas e ecoloxistas e das entidades colaboradoras non federadas. De entre todas as propostas lidas, o Consello **aproba elevar ao Consello galego a seguinte:**

Proposta que se eleva ao Consello galego

- Por 9 votos a favor e 2 en contra (Club Tambre, Furelos), implantar o uso xeneralizado de anzois sen morte (sen arponciño) en todas as augas da provincia.

8. Rogos e preguntas.

O representante do Club de Pesca de Reo Tambre manifesta o seu desexo de que consten na acta as seguintes peticións:

- É indispensable a apertura dun centro ictioxénico na provincia da Coruña.
- Así mesmo, é necesario que a Xunta de Galicia consiga das administracións locais que participaron no Proxecto Mandeo a cesión do contador de peces e do resto das instalacións, para poñelas novamente en funcionamento.
- Pide a dimisión da xefa territorial da Coruña. A este respecto, o representante da FGP desexa manifestar o seu apoio á xefa territorial.
- Considera que no futuro os consellos provinciais deberían adiantar a súa hora de inicio, xa que para algúns asistentes non é posible quedarse ata moi tarde.

Así mesmo, o representante de Salmo desexa facer constar que os caudais ecolóxicos existentes no couto de Xallas, e en xeral en todos os tramos de río situados augas abaixo dos encoros, se ben cumpren co que establece a normativa actual, non están a ser suficientes para o mantemento, nun estado favorable, das poboacións piscícolas.



Por último, o secretario indica que ningunha das votacións que tiveron lugar neste consello viuse afectada polo feito de non admitir a delegación de voto do representante de AEMS.

Sen máis asuntos que tratar, dáse as gracias a todos os asistentes, e levántase a sesión sendo as 14.50 horas.

A Coruña (data e sinatura electrónicas)

O secretario do Consello

Luis Ortega Mene

Vº e Prace, a presidenta

Por ausencia, o vicepresidente

José David Gómez Brandariz

